

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 21 DE SETEMBRO DE 2007.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as trece horas do día vinte e un de setembro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández, Dna. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Asiste tamén a Interventora accidental, D<sup>a</sup>. Mercedes Ocampo Santiago.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.**

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Bos días, nós dicir que imos votar en contra, o prazo de xustificación acaba o 30 de novembro, a semana que ven corresponde pleno ordinario e, polo tanto, creemos que se podería debater no pleno ordinario do venres que ven.

Deseguido sométese a votación o asunto e o Pleno do Concello, por once votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 3 PP) e dous votos en contra (1 EU-IU, 1 IPMU) acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

### **2.- ADQUISICIÓN TERREOS DO CINE ZÁRATE.**

**Sr. Alcalde:** Tal como tiñamos quedado no pleno anterior, había o compromiso de tralo a un novo pleno unha vez se clarificaran certas dúbidas que puidera haber. Feito isto se somete outra vez a pleno a aprobación da merca, a adquisición do inmovible Cine Zárate e a parcela colindante. Os grupos que queiran intervir...

**Sr. Fernández Ameneiro:** Bó día a todos e a todas. Non quero comezar a miña intervención sen antes facer unha puntualización. No pleno extraordinario do derradeiro 13 do presente mes, o alcalde, a petición de todos os partidos da oposición, retirou da orde do día o punto que ía tratar da compra do cine Zárate para convertelo nun Centro de Día. Polo que respecta ao grupo municipal socialista, a petición non ten ningún trasfondo, nin segundas intencións, como se quixo facer ver dun xeito interesado. O tema, dada a súa importancia, requiría algo máis de tempo para estudar detidamente a documentación e, deste xeito, aportar a nosa opinión con máis rigor e sen precipitacións, e así llo fixemos ver ao alcalde. O que si é certo é que o grupo municipal socialista nunca manifestou o seu rexeitamento á compra do cine Zárate, máxime cando das arcas municipais non ten que saír un só duro, un só euro, perdón, e

moito menos á construción dun centro de día. Non teño que recordar que dende xaneiro está en vigor a lei de dependencia promulgada polo goberno socialista de José Luis Rodríguez Zapatero, lei que garante unha mellor calidade de vida para as persoas dependentes, coa construción de centros de día e de noite, asistencia a domicilio e teleasistencias e, recentemente, a implantación dun salario para as persoas, fundamentalmente familiares, que teñen a cargo persoas dependentes.

Si ben é certo que o partido socialista, como xa o manifestou na campaña electoral das eleccións municipais do derradeiro mes de maio, considera máis apropiado os terreos da cámara agraria de Franza para a construción do centro de día por moitas razóns, pero, por riba de todo, porque son terreos de titularidade pública e as obras poderían comezar de inmediato.

Pola contra, a construción do centro de día nos terreos do cine Zárata necesita unha serie de trámites que poderían demorar a súa construción moito tempo. Gustaríanos subliñar que a Xunta subvenciona a compra dos terreos do cine Zárata para a construción dun centro de día. Os 892 m<sup>2</sup>. de superficie, xa de por si escasa, como recollen os informes dos técnicos da Xunta de Galicia, teñen que dedicarse única e exclusivamente a ese fin e o seu aproveitamento total para uso e disfrute das persoas dependentes de Mugardos.

Dende o grupo municipal socialista apoiaremos a compra do cine Zárata e os terreos anexos para construción dun centro de día; en ningún caso nin para a construción dun hotel para peregrinos, non sei por qué zona do noso concello transcorre o camiño de Santiago, nin para museo arqueolóxico - esa obra ten que sufragala na súa totalidade Reganosa, como recolle o convenio asinado polo concello e a empresa - nin para un auditorio, por razóns obvias de espazo. Todas estas ideas así as manifestou o alcalde e así se recollen nos informes municipais.

Ao noso xuízo os terreos do cine Zárata serían a ubicación ideal para a construción dun auditorio e a Cámara Agraria Local de Franza para a construción dun centro de día; en todo caso, diferenzas de criterio non nos fan esquecer a importancia da subvención e, ante a premura do tempo, e a posibilidade da perda da subvención e, polo tanto, da construción dunha obra tan importante como necesaria para todos nós, o grupo municipal socialista vai votar afirmativamente a compra dos terreos do cine Zárata para dedicalos á construción dun centro de día. Moitas grazas.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Eu non traio un discurso tan elaborado como o sr. voceiro do grupo socialista, en todo caso voume centrar máis no que nos incumbe directamente. Eu creo que o proceso, o procedemento xeral empezou mal, e empezou mal porque hai decisións que nos competen a todos e que deben ser consensuadas sobre todo cando son en temas dunha envergadura singular, como pode ser o tema dunha piscina municipal, cando ten que ser un tema dun auditorio municipal, un Centro de Día ou infraestruturas que, pola súa envergadura, deberían ter un amplo consenso de todos os partidos políticos.

Neste caso nós imos seguir na liña que tiñamos estado, pero nese sentido imos recomendar unha serie de cambios en canto á maneira de proceder do grupo de goberno, o todo vale para que Mugardos prograse eu creo que é un discurso que quedou demostrado que non vale sempre e eu creo que non sempre cumpre co que dende un concello como este se pretende dar como leccións de democracia. Eu creo que o tema do cine Zárata partiu dunha decisión unilateral do grupo de goberno e, polo tanto, non se planificou en condicións cos grupos da oposición e, polo tanto, entendo que ese non é o proceder dunha institución como esta, senón que polo contrario son cousas que, pola súa envergadura, van ter unha transcendencia fundamental para o Concello, polo tanto entendo que como deben contar co respaldo de todos os grupos políticos, o

normal no procedemento é, dende un primeiro momento, aclarar, que non se fixo, a conveniencia de que o Zárate era interesante para mercalo, independentemente de que un o teña no programa electoral ou non o teña, sempre hai que sentarse nunha mesa, que nunca está de máis.

Cando me refiro a estes temas, decisións unilaterais do grupo de goberno, me refiro, sobre todo, cando se procede a incongruencias cando se refire ao planeamento, e con isto quero dicir que un, cando sae na prensa, dicindo que se vai comprar unha parcela, que se vai facer non sei qué, que se vai facer non sei canto, o único que está fomentando é en primeiro lugar especular co prezo dos valores dos terreos e se lle fai un mal beneficio ao diñeiro que é de todos, aínda que neste caso, fundamentalmente, o Concello non o faga directamente pero si que o é en canto que é unha aportación de todos os galegos a estas arcas. Indubidablemente é un diñeiro da Xunta de Galicia que nos vai a dar en concepto da conveniencia dun centro de día, unha conveniencia que eu considero, ou nós consideramos, que si ben non compartimos o punto de vista do partido socialista en canto á ubicación, nós pretendemos que un centro de día si ten que estar no centro do núcleo de poboación en canto que ten que estar amparado polos servizos sociais básicos, en canto aos municipais, na mesma casa do Concello e, sobre todo, nas consideracións que se puideran facer dende o centro de saúde, que creo que son compatibles e complementarios. Polo tanto, a ubicación, se ben non nos estamos pronunciando respecto a esta, entendemos que o centro do pobo si que é unha boa ubicación para un centro de día.

Relativo a outra serie de cousas eu creo que estamos un pouquiño incorrendo en certas cousas que non son de todo xustas de detallar; imos ver, nós entendemos que o que hoxe ben aquí, ao pleno de hoxe, é a adquisición duns terreos para un centro de día, certamente, pero é importante tamén saber qué planificación van ter as parcelas que se van mercar hoxe e nós, evidentemente, estamos discutindo hoxe a adquisición do cine Zárate, pero nos importa, e moito, cal vai ser a determinación que se tome en canto ao ordenamento que se vai facer coa modificación puntual e pediríamos ao grupo de goberno que en todo caso, cando se faga o procedemento de modificación puntual se conte, en cada un dos pasos, cos grupos da oposición, por un motivo, porque eu creo que unha inversión dese tipo non supón que o grupo que está gobernando hoxe estea de acordo e pasen catro anos e outro grupo de goberno non estea de acordo e se modifique. Eu creo que hai cousas nas que debemos de estar de acordo con amplo consenso, e unha delas é esa e, polo tanto, en aras dese consenso, lle pido que eses grandes proxectos veñan consensuados o máximo posible, entre outras cousas para non prexudicar, a curto prazo, serán boas inversións pero ao mellor, a medio ou longo prazo, non o son tanto. Entón eu pediría que, en canto á modificación puntual, haxa un compromiso do grupo de goberno para que a ordenación que se estipule aí nesas parcelas sexa o máis correcta posible, o máis beneficiosa para todos, e, dentro do que cabe, que se optimice o plan de urbanismo nese sentido.

E eu ata aquí non teño nada máis que dicir; en todo caso, imos apoiar, como xa fixemos noutras ocasións, pero entendemos que o procedemento levado ata hoxe non é o máis adecuado e eu creo que o grupo de goberno o reconece. En todo caso, pediríamos que este tipo de cousas se fagan cun consenso máis amplo, e con maior transparencia, en todo caso. Nós imos apoiar o proxecto por ter un beneficio importante e ser unha cuestión importante pero veremos e vixiaremos moi moi encima a modificación puntual.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Bos días a todos e a todas, nós non imos entrar a valorar ningunha das posicións que aquí se manifestaron, creo que se valoran por si soas; en todo caso nós creemos na liberdade de cada grupo para expoñer a súa, o mesmo, supoño, que o resto

creará na nosa. É unha consideración breve e non queremos facer ningunha máis, dado que traemos a intervención por escrito, é a única que imos facer e é á que nos imos cinguir no pleno do día de hoxe, e é que a portavoz do grupo de Esquerda Unida no foi invitada a esa reunión en urbanismo á que aquí se facía referencia, que supoño que é onde clarificaron as dúbidas ás que antes facía referencia o alcalde, aínda cando había un compromiso por parte do alcalde de que todos os voceiros dos grupos serían invitados a esa reunión. Facendo esa salvidade, nós, para que quede claro, que nós temos os mesmos datos que tiñamos no pleno anterior, polo tanto, imos pasar a facer a nosa intervención e xa digo que vai ser a única. Ímonos remontar ao ano 1998.

O 31 de xaneiro de 1998, cando o PXOM estaba en fase de alegacións, os propietarios das parcelas que hoxe se van mercar por 580.000€, facían unha alegación ao mesmo para que os terreos da súa propiedade fosen desvinculados do Polígono nº 4 e obtiveran a de solo urbano consolidado.

A súa proposta en resume era: “Nós como propietarios, ofrecémonos a negociar un convenio urbanístico co Concello, para poder alcanzar a finalidade .....e ademais dotar a os pobos de vivendas e espazos públicos inmediatos que dignifiquen a vida dos cidadáns”.

Esta alegación que foi rexeitada, como é obvio, polo P.P. e o P.S.O.E., que naquel momento gobernaban o Concello de Mugardos, dado que non se modificou a proposta que había no PXOM, que é manter o polígono P4, coas seguintes condicións:

Edificabilidade: 1,20m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Solo residencial: altura máxima B+3

20% do sector para praza de uso público.

Permitindo aparcamento privado baixo praza

Cun aproveitamento susceptible de apropiación polo particular do 85%, é dicir un 15% da totalidade do polígono sería para titularidade municipal.

Transcorridos non moitos anos desde aquela proposta na que os terreos terían a mesma edificabilidade que van a ter agora, si se aproba a modificación proposta desde o Concello por parte da Xunta de Galicia, pasaría de: facerse cunha praza pública gratis, en función do convenio urbanístico, a pagar 580.000€ polos terreos e quedarnos sen a praza pública. En fin, un gran negocio para os intereses dos veciños de Mugardos. Porque a valoración que fan os técnicos, iso si, a toro pasado, cando xa hai un compromiso de opción de compra asinado pola Alcaldía, pola súa conta e risco, valorando os terreos en 580.000€ e cunha cláusula de indemnización ao propietario do 30%, se non se executa en 1 ano a compra, por feitos imputables ao Concello, esta valoración de 580.000€, se fai en base á modificación proposta polo Concello, e que, como xa dixemos precisa da aprobación da Xunta de Galicia, que convertería os terreos obxecto de compra en Solo Urbano Denso, que é a maior cualificación que hai no PXOM

Nós nos preguntamos, ao igual que o informe do secretario, é correcto que se faga a valoración en función da edificabilidade que vai ter si se aproba a modificación do PXOM e non pola cualificación que ten agora no Plan? Lembremos que dos 10 polígonos que hai no PXOM este é o que tiña una menor edificabilidade e que o resto dos polígonos van quedar na mesma situación na que están agora.

Non se podería facer unha proposta de modificación dándolle a cualificación aos terreos de dotacionais, co que, polo tanto, baixaría sensiblemente a valoración dos terreos a mercar? Lembremos que a subvención de vicepresidencia ten carácter finalista e só pode ser empregado o terreo para a construción dun centro de día.

No se podería ter iniciado o proceso de “señor propietario rehabilite vostede o edificio” - que, por certo, non está catalogado e segundo diferentes técnicos consultados polo Concello está

afectado de aluminose, o que fai practicamente imposible a súa rehabilitación - e se non o rehabilita iniciamos o expediente de expropiación por interese público? Figura, por certo, contemplada no noso PXOM.

Nós seguimos preguntando: si fose aceptada polo PSOE e polo PP a alegación presentada no seu día polos propietarios, os veciños que están incluídos dentro do P.4, a día de hoxe, poderían beneficiarse da mesma forma que o van facer agora, segundo avalan os asinantes da proposta? A resposta parece obvia, si agora se benefician, de aceptar a alegación se houberan beneficiado fai 10 anos e sen custo para o Concello.

Todas estas consideracións nos fan chegar a unha conclusión: Con esta compra non estamos primando os intereses dos veciños de Mugardos, estamos malgastando o diñeiro público para favorecer intereses privados.

Porque si quixéramos favorecer os intereses dos veciños de Mugardos, en primeiro lugar: Haberíamos aceptado a modificación proposta no seu día polos propietarios e o pobo de Mugardos a día de hoxe xa tería unha praza pública no centro do pobo; praza pública que, por certo, xa nunca a poderemos ver, dado que o centro de día, non vai instalado no Cine Zárate, senón nos terreos anexos, pola documentación que temos. Se non é así, que se aclare.

E os veciños que van quedar dentro da cualificación de Casco Antigo, xa a poderían ter tido desde o ano 99, ano de aprobación do PXOM, elaborado na a época do goberno P.P.-P.S.O.E. coa mesma cualificación que van ter agora.

En segundo lugar houbéramos actuado desde fai tempo en dúas fronte; unha a modificación do PXOM para favorecer aos veciños desfacendo o polígono e para que se rehabilitara polos propietarios o cine Zárate, ou executar o que a lei nos permite que é a expropiación por interese público, e, polo tanto, o Concello podería telo rehabilitado, en caso de que sexa factible, xa que salvo o mencionado non hai ningún estudio que confirme a súa rehabilitación, e teríamos a praza pública, como ese lugar necesario de encontro para os veciños e veciñas de Mugardos, e un edificio emblemático, aínda que non catalogado, rehabilitado e posto a disposición para uso e disfrute de todos os veciños de Mugardos. Porque debemos recordar que esta non é a primeira modificación que se introduce no PXOM (ampliación zona industrial, parque empresarial, etc)

En terceiro lugar poderíamos ter proposto unha modificación do PXOM para favorecer ao resto de veciños que están dentro do polígono e cualificar a parcela que se vai mercar como dotacional, co cal o custo a pagar sería moito menor.

Por todo isto e dadas as múltiples posibilidades, todas bastante menos custosas para facerse con esa parcela, é polo que imos votar en contra de que se merque a mesma coa proposta realizada no día de hoxe.

Esquerda Unida estaría a favor de que o concello se fixera con esa parcela, aplicando unha das tres fórmulas anteriores, que seguro que hai máis, e todas menos custosas que a que se vai aprobar no día de hoxe e, polo tanto, todas máis beneficiosas para os intereses dos veciños de Mugardos, para poder disfrutar dunha praza pública no centro do pobo.

Con respecto á construción dun centro de día, nós xa manifestamos, por activa e por pasiva, a nosa disposición a votar favorablemente a construción do citado centro, previo estudio de custes e previo estudio da localización. En canto ao estudio de custes, o descoñecemos, dado que en ningunha comisión ou órgano do concello de Mugardos se tratou dito extremo, a pesar das reiteradas peticións feitas polo noso grupo para que se debatese.

En canto á localización, cremos que o sitio proposto non é o adecuado, dado que os veciños e veciñas de Mugardos quedaríamos sen praza pública no centro do pobo, a única

posibilidade que temos, porque conxestionaríamos máis o tráfico no centro urbano, sen dar ningunha solución ao mesmo, senón incrementando a problemática que temos a día de hoxe, porque entendemos que é necesario ir descentralizando os equipamentos tal e como se argumentou para a compra dos terreos en Franza da piscina municipal ( non só era unha cuestión de a medio camiño entre Ares e Mugarbos), porque cremos que o Concello podería terse feito con terreos que cumprisen as recomendacións da Xunta en canto á superficie necesaria para a construción do centro de día, aproximadamente 1.500 mts. (a parcela que se vai comprar no día de hoxe ten na súa totalidade algo máis de 800, incluído o cine), porque entendemos que coa tramitación da modificación puntual se vai tardar un tempo importante, en caso de ser aprobada pola Xunta de Galicia, en que se poidan iniciar as obras ( ás que, por certo, cremos que aínda lle falta o financiamento), e porque si se quixera facer a día de hoxe o concello xa tería terreo da súa propiedade máis que suficiente para poder facelo.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Bos días. Primeiro unha aclaración, e é que eu si teño tamén elaborado a miña intervención porque entendo que este é un tema moi complicado, moi difícil, e a improvisación pode levarme a cometer erros, e, en segundo lugar, manifestar, igual que a compañeira Pilar, que eu tampouco fun invitado, seguramente é porque estamos en contra, e xa o digo de antemán, ao que se pretende facer.

Centrándonos, polo menos centrándome eu, neste tema, como aclaración previa, dicir que vou votar que non, e o vou razoar en dez puntos:

1.- Porque se quixo intoxicar á xente dicindo que se quería mercar o cine Zárate para restauralo. Hoxe o exemplo é claro, os grupos que parece ser que van apoiar o tema falan de cousas distintas e o que realmente se merca é toda a propiedade, os 892 m2. E aquí está a pregunta, vaise restaurar o hai que demolelo? Porque o arquitecto valora a demolición en 30.000 euros e os gastos de demolición tamén terá que pagalos o que merca, o Concello.

2.- Porque os diñeiros, 580.000 euros que da a Xunta, ou o sr. Quintana, é polos terreos, para facer un centro de día.

3.- Porque a pretensión do alcalde e dos que o apoian é facer un edificio pegado ou anexo ao cine Zárate para ese centro de día.

4.- Porque estando totalmente de acordo con dotar a Mugarbos dun centro de día, entendo que este non é o lugar, lugares como Franza, Cristo, A Pedreira, ao meu entender, son mellores ubicacións.

5.- Porque entendo que un centro de día debe ter un espazo máis que suficiente e por iso as recomendacións da propia Xunta, que debería estar en torno aos 1.200 m2. cando neste caso, sumando o cine Zárate máis os terreos anexos son os 892 m2.

6.- Porque do pouco ben feito no Plan Xeral, elaborado no seu día polo PSOE e o PP, estaba dotar a Mugarbos dunha praza pública, de cesión gratuíta, gratis para facer a praza e ter un dez por cento da edificabilidade, e de levarse a cabo o que hoxe se pretende esta posibilidade desaparece.

7.- Porque se pagan os terreos en función do que se vai poder facer non do que se pode facer; isto si é aprobada a modificación puntual necesaria; por certo, en infinidade de plenos e comisións o noso alcalde negou sempre que tivera que facerse modificación algunha e si estou equivocado nesta apreciación, por qué non se fixo a modificación nos últimos catro anos?

8.- Porque a valoración dos terreos está feita á carta, non se ten nin tan sequera en conta o dez por cento do sistema xeral que, de feito, xa pertencen ao concello, co cal estanse pagando uns terreos que xa deberan ser nosos. Engadir neste punto que sería bo unha comparativa coa merca

dos terreos feita polo Concello no polígono 5 chamado da Telefónica, que no seu día o BNG definía como moi cara, etc., etc... Unha soa reflexión, só nos terreos que se mercaron na Telefónica, que son sobre 330 m<sup>2</sup> de edificabilidade directa, e como son baixo máis tres máis aproveitamento baixo cuberta da unha edificabilidade de 1.250 m. O que hoxe pretenden mercar, os 890 da 532 m<sup>2</sup>. de edificabilidade, engadíndolle a este caso os gastos que antes mencionei de demolición; pero é que a máis, no caso da Telefónica, aínda sobrarían 800 m<sup>2</sup> que están dentro do polígono P5 da Telefónica.

9.- Porque esa pretendida modificación e o tratamento á carta que se quere facer, ninguén pode asegurar que a Xunta dará o mesmo tratamento ao resto dos polígonos. No plan aparecen dez, sen desenrolar son, ou faltan, o da Pedreira, cun aproveitamento do 0.20 %, o dos Carneiros, cun aproveitamento do 0,25 %, o da Telefónica, cun aproveitamento do 2%, o da Enseada no Seixo, cun aproveitamento do 0,20 %, e os dos Corzás e O Cristo, cun aproveitamento do 1%.

10.- Porque, con qué aproveitamento quedarán o resto das fincas que compoñen os 6.000 m<sup>2</sup> deste polígono? Algúns propietarios poderían sentirse prexudicados. É máis, son tamén propietarios, ou é tamén propietario o propio concello. Argumentar algo que para min é fundamental. A ficha do plan di deste polígono, leo literalmente: “Finalidade a desenrolar: reordenación de solo residencial creando unha praza exterior pública”.

Por todo o exposto, sres. Concelleiros, sr. Alcalde, creo sinceramente que estamos ante un gran pelotazo, feito co consentimento do Vicepresidente da Xunta e o beneplácito ou complicidade, polo que acabo de escoitar, do PSOE e do PP de Mugar dos.

Por último, si o que aquí se vai aprobar hoxe o fai un particular ou unha empresa, seguro, seguro, que non lle deixaríamos. Houbo fai algún tempo unha recalificación en España feita por un clube de fútbol, o Real Madrid, que nos medios de comunicación se lle denominou “o gran pelotazo”, pois aínda aí, neste caso, primeiro se fixo a recalificación e despois se compraron os terreos, aquí non é así. Fagamos un centro de día noutro lugar, non privemos a Mugar dos de ter unha praza pública ao lado do Concello, nada máis, moitas grazas.

**Sr. Rivadulla Fernández:** Eu vou facer unha intervención bastante breve. Primeiramente quero comezar dicíndolle a Fariña que se estamos diante dun pelotazo xa sabe o que ten que facer e a onde ten que acudir. Logo tamén un apuntamento, se o centro de día que estamos debatendo aquí, se fose facer noutro lugar estou convencido, totalmente convencido, de que oiríamos por parte súa argumentos moi semellantes. Eu faría unha distinción nas posturas que acabamos de oír das persoas que interviñeron até o de agora dos diferentes grupos, por un lado se sitúan os grupos que manifestaron que tiñan dúbidas lexítimas e que querían máis información e que querían coñecer máis polo miúdo o desenvolvemento do proxecto e ben..., creo que esa información se lles ofreceu e, por outra banda, se sitúan os grupos que xa desde un primeiro momento, algún deles xa o avanzou coa boca pequena na campaña electoral, que non ía apoiar este proxecto e a partir de aí construíron o seu argumentario para opoñerse a el. Postos a facer comparacións poderíamos comparar tamén esta mesma sala onde nos atopamos hoxe, tamén foi obxecto dunha compra, do edificio ao que pertence e creo que non recibiu, desde logo, tantas críticas, cando ao mellor poderíamos comparar as cifras que se pagaron no seu momento, sería máis revelador, pero non imos entrar nese tema. E, por último, creo que o argumentario que fan da praza pública daría a clave de por onde vai xirar a oposición ao proxecto, dicir ou intentar enganar á xente dicindo que non vai haber praza pública, ben..., pois nós o único que temos que dicir é que este argumento amosa a falsidade da súa postura. Vai tan desencamiñada no tema que apuntou da praza pública como o resto do seu argumentario, e, polo demais, me remitiría ás

manifestacións que fixo o Director Xeral de Urbanismo, transmitidas aquí polo alcalde, polo concelleiro de urbanismo, e despois comprobadas na entrevista que xa houbo, e respecto a se é factible ou non facelo.

**Sr. Alcalde:** Ben..., eu antes de pechar o debate é evidente que isto é unha cousa moi importante para Mugaros, importantísimo diría eu, de feito senón os portavoces dos grupos políticos non traerían a súa intervención por escrito; e digo que é importantísimo porque creo que hoxe se abre unha páxina da historia de Mugaros, unha páxina clara e transparente. Se pode estar de acordo ou non coa ubicación do centro de día, iso son cuestións opinables, eu creo que é o mellor sitio con que pode contar Mugaros para unha infraestrutura deste tipo, se pode facer unha batería de interrogantes para xustificar o que é inxustificable, porque cando se trata de dotar aos veciños de Mugaros dunhas necesidades e duns equipamentos dos cales hoxe carecemos podemos discutir si o procedemento foi o correcto ou si tal..., pero o que non podemos poñer en cuestión, baixo ningún concepto, é a oportunidade que temos de dicir “non” a algo que é necesario.

Cando se fala de especular..., eu creo que é bastante transparente este expediente que está aquí, este expediente que creo que ten arredor de cento e pico de follas, si isto non é transparente o podemos comparar con outros de iguais características e imos ver cómo se fixeron e onde as persoas, precisamente, que se opoñen aquí hoxe, votaron afirmativamente, con expedientes moito máis dubidosos e con expedientes que non din nada en concreto, e aí si se votou a favor.

Dicir por qué non se fixo a modificación puntual fai catro anos..., eu tamén podoo dicir: Por qué non se fixo fai oito? Por qué non se fixo?

Dicir que poden quedar prexudicados algúns veciños que están dentro dese polígono, os propietarios..., eu quero dicir que prexudicados levan dende o ano 99, porque non puideron facer nada nas súas propiedades, iso si que é un prexuízo, e non o que se pretende facer agora con esa modificación puntual que, evidentemente, non vai haber, ou polo menos iso é o que queremos nós, que non haxa ningún prexudicado.

Cando se fai..., primeiro aclarar que nin o Concello nin o alcalde fixo ningunha opción de compra, senón que se lea ben, o que hai é un compromiso dos propietarios de vender iso por esa cantidade de diñeiro, pero non hai ningunha opción de compra por parte do Concello, nin por parte do alcalde. Polo tanto, hai que saber ler e despois saber o que se lee, e falar despois.

E, despois, eu dicir que a veces falla a memoria, amigo Manolo, que levas moitos anos aquí, e tamén Pilar, tamén leva bastantes, máis que eu, dende logo, ámbolos dous, e si facemos memoria, o meu compañeiro non quixo sacalo a colación, pero eu si que o vou sacar, aquí hai un expediente da compra da casa Gelpi, aquí sobra todo isto que non é de aquí, isto é o expediente da casa Gelpi, da compra da casa Gelpi, nas mesmas circunstancias que está o cine Zárate, unha casa que está metida dentro do polígono de aquí do Concello, nas mesmas circunstancias, isto é o expediente da casa Gelpi e este para o centro de día. Isto foi feito no ano 97, eu no 97 nin estaba aquí, en Mugaros, pero pedín, por exemplo, quen facían parte do Concello, quen tomou ese acordo para comprar a casa Gelpi, Ramón Toimil Saavedra, José M. Varela Tomil, Juan A. Martínez Carpenle, Antonio Cabalo Amado, Encarnación Sánchez Roel, Indalecio Santos Rodríguez, Nicolás Fontenla Prados, Ignacio Quintillán Fernández, Manuel E. Fariña Doval, Jorge Gómez Rodríguez, Joaquina Fernández Martínez, José Manuel Iglesias Martínez e Xoán Rico Castro. Ben..., pois isto se mercou cun acordo de unanimidade, si, si, cun acordo de unanimidade, pero si se mira o expediente, non aparece ningunha comisión, tratado en ningunha comisión, en ningunha comisión informativa, posiblemente se tratou nunha comisión de

portavoces, das cales non se levantaba acta daquela; comunicacións do alcalde cos propietarios, oferta e demanda, quero tanto, te dou tanto, un informe para valorar - taxación - de dúas follas, un informe de taxación de catorce páxinas; por certo, o mesmo día dous informes de taxación con diferente valor, unha cantidade de diñeiro que, a día de hoxe, serían douscentos millóns de pesetas, das antigas pesetas, aquí estamos falando no cine Zárata e os terreos de cen millóns, un informe de secretaria que, por certo, persoa non autorizada para facelo, que iso tamén gravísimo, de medio folio, de medio folio, unha certificación de secretaría, dunha persoa non autorizada para facelo e logo, ademais, con fondos propios do Concello, cun préstamo do Banco de Crédito Local, que a día de hoxe aínda se está pagando, esta é a transparencia que se fixo para comprar isto de aquí, da casa que estamos aquí no Salón de Plenos, o que pasa é que á xente lle falla a memoria e a veces é mellor estar calado porque podemos cometer o erro, iso que se di “pola boca morre o peixe” e digo que aquí non se está facendo ningún pelotazo urbanístico nin moito menos, o único que se pretende facer é darlle servizos, canto máis e mellores, á xente de Mugardos, e temos esa oportunidade para poder darllos e imos estar neso, mentres nós esteamos aquí, polo menos.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Certamente eu tampouco tiña pensado intervir, non o dixen, pero non tiña pensado intervir, o que pasa é que cando se argumentan cousas tan incoherentes, como acabas de facer ti, e algunhas como fai o teu portavoz, pois claro, ao final teño...

**Sr. Alcalde:** Se te refires a este expediente, cho podo pasar.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Eu escoiteite, non te interrompín, rógoche que non me interrompas.

**Sr. Alcalde:** Pois non fales de incoherencias.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Teño o mesmo dereito que ti a falar, a diferenza é que ti estás primado sempre por luz divina e eu non. Qué queres que che diga? Pero indo ao tema, claro que eu creo que é un pelotazo, creo sinceramente que é un pelotazo.

**Sr. Alcalde:** Refíreste a este?

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Alcalde, si me permites un momentinho, conclúo; se non tes argumentos o lamento profundamente. E eu creo que é un pelotazo e claro que farei o que teña que facer, dende logo ao Vicepresidente da Xunta, que creo que tamén é o meu Vicepresidente, lle farei chegar a miña intervención sen lugar a dúbidas, sen lugar a dúbidas, xa sei que vos da igual, qué máis da? A outra cualidade é a cualidade, descoñecida para min, pero que se suma, e, polo tanto, un dez ao sr. Moisés por ser adiviño, un dez, Moisés, a ver si noutras cousas tamén adiviñas o mesmo.

Segundo, e o importante: Home, a argumentación do alcalde, en vez de ser en base á coherencia do que está facendo, pretende facelo en base á incoherencia doutras cousas. Ben..., lembrar algunhas cousas, soamente dúas, para ser breve: o alcalde foi catro anos concelleiro de urbanismo, o alcalde votou tamén a favor do plan xeral e eu o que dixen e estou dicindo é en

base ao plan xeral; por certo, na ficha do plan xeral cando se fala desta casa, casa esta, aquilo non, son ruínas...

**Sr. Alcalde:** Estaba en ruínas, home.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Por favor, non interrompas...

**Sr. Alcalde:** Por favor, home, estaba en ruínas, home.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido di): Por favor, aquí no plan xeral non aparece como tal. Dí: conservación do edificio do concello e o situado ao seu lateral esquerdo, incluso o seu xardín. E segundo e último, porque creo que é o último, eu creo que tiñas que ter argumentado con moito máis énfase o tema da compra e non caer sempre no discurso de que é o bo para Mugardos, de que é o que hai que facer..., non, non, os 850.000 euros, ou 650.000, non recordo agora mesmo, da Xunta, si eu estou equivocado, ben..., dicirme que é noutro sitio, que, por certo, é coherente co que dixo o PSOE e máis o PP, e eu voto a favor, dixeran que a miña alternativa é Franza, Cristo ou A Pedreira, en calquera sitio, sen problema de ningún tipo, agora mesmo o voto. Claro, o argumento cal é? É dicir, se fixo isto, que ten moitos defectos e tal..., cómo, si se fixo con tantos defectos puido terse votado por unanimidade? É que o sr. Xoán Rico Castro, o PP, o PSOE, e nós, cómo conseguimos, sen facer nada, todo o expediente mal, sen facer reunións...? Ao final todos votaron por unanimidade e iso se te escapou, que querías obvio.

E o último, tampouco me levaches a Santiago porque en Santiago, te dixeran eu, e son claro, que a pregunta que lle ía facer ao Director Xeral ou a quen fora é si o mesmo tratamento que iso vai ter noutros, porque el a min e ao anterior alcalde nos dixo que non, incluso que tiña problemas para facer a subdivisión do polígono; como podería ser engorroso que eu fixera estas preguntas e dixeran, como te dixeran, que lle ía dicir que era un pelotazo, esa foi a razón pola que non quixeches que eu fora. Claro, dirás que non, pero é normal en ti, en ti a mentira é o preponderante e, polo tanto, tampouco pasa nada, sempre igual, si pero non, non pero si, parece que está con uns e non, está con outros, e cando está con outros está con un. Es un incongruente, alcalde, o lamento profundamente porque a min tamén me doe porque son de Mugardos e quero ao meu pobo, supoño, tanto ou máis que ti, entre outras cousas porque me mantiven nel toda a miña vida. Polo tanto eu quixera que foras un alcalde moito máis congruente e non o es.

A finalidade é que os argumentos do BNG á compra do que se pretende facer non deixa claro para o que é, ese é o problema, non deixa claro para o que é; o P.P. acaba de argumentar que ten que ser para un centro de día, todo, o PSOE o mesmo, ou entendín eu mal; entón, eu non sei para qué se vai comprar, para qué se vai comprar? Diga aquí publicamente para qué se vai comprar o terreo. Ese é o argumento fundamental, e despois cante as louvanzas desa compra e o que vostede queira, pero fágalo así, non doutra forma.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Só para aclarar dúas cuestións: unha é a de saber ler, en todo caso, no expediente do pleno, aquí aparece escritura de opción de compra, ante min, Jesús Santamaría, Notario do Ilustre Colexio de Galicia, comparecen dunha parte Ignacio Noya López, D. Juan Noya López, e da outra, Xosé Fernández Barcia; entre as cento e algo follas do expediente, se atopan estas 14, que aparece arriba como escritura de opción de compra; en todo caso, se non é así, será un defecto de erro na documentación que aparece no pleno, dado que esta

é a documentación que aparece no pleno e, polo tanto, creo que como todos poden ver, estou lendo aquí xusto “escritura de opción de compra”.

En segundo lugar, é certo que nós non estabamos, eu persoalmente non estaba no ano 97, de todas formas, a diferenza do alcalde, eu me sinto corresponsable e solidaria co que votou José Manuel Iglesias naquel momento, creo que el con Xoán Rico non fai o mesmo, pero nós asumimos os erros e acertos que tivo Esquerda Unida e antes o Partido Comunista dende os concellos democráticos e, polo tanto, nos sentimos tamén solidarios con esa votación.

**Sr. Alcalde:** Ben, aclararche outra vez, Pilar, que non lees ben. Esa escritura, se miras, non está asinada por min nin polos propietarios, polo tanto non ten ningún valor, o único valor que ten é definir os terreos que son e a cantidade de metros que son, o que si hai é un documento, máis atrás, que é un documento de compromiso de compra e ese si que está asinado, ou non? Amósao, o documento de compromiso de compra, aquí está, cómo non vai estar? Volo amoso eu agora. Espera, o que pasa é que a min me gustan as cousas claras, non me gusta andar coas verdades a medias, estou moi contento porque, efectivamente, imos dotar a Mugaros de algo que outros din por qué non se fixo antes, e que puideron facelo durante moitísimos anos e non o fixeron. Non teño presa ningunha, home. Non o víchedes? Pois falta ese papel aquí. É fundamental, porque ese documento existe asinado, o outro non. En todo caso, hai un documento asinado, dun compromiso de compra, dos propietarios co Concello, e esa opción de compra á que fai mención Pilar, esa non está asinada, e o Concello non ten ningunha opción de compra con esas persoas, primeiro porque a subvención..., os cartos non son do concello e, polo tanto, mentres non estiveran os cartos aquí non podía facer a opción de compra o concello, agora si, co diñeiro si que pode facer unha opción de compra.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Nós, dado que parece evidente que o documento á que fai referencia o alcalde non está no expediente do pleno, xa que o único que está no expediente do pleno é o que temos nós aquí, o que rogaríamos é que se nos pasara unha copia para poder ter o expediente completo.

**Sr. Alcalde:** Haberá que buscala, a ver quén se quedou con ela, o primeiro. De feito, xa doutro expediente tamén falta outro documento máis, hoxe estivemos mirando un expediente e falta un plano. O que está claro é que a partir de agora darei ordes aos funcionarios de que as persoas que queiran ver o expediente o han de mirar diante do funcionario. Non se vai levar ningún expediente para ningunha oficina de ningún grupo político. Home, se faltan os expedientes..., si se collen os expedientes por interese político ou polo que sexa...

En todo caso, hai un documento asinado por parte dos propietarios, un compromiso de venda nese prezo, non hai ningunha opción de compra asinada polo concello nin por min, nin por ninguén do concello. Polo tanto, que conste, como clarificación para a sra. Díaz que ese escrito que está aí é un mero documento que fai referencia aos metros cadrados que ten cada parcela e punto, non ten outra validez que esa, e logo dicir que sigo opinando, como alcalde, que é algo moi importante para Mugaros e que, polo tanto, que vai resolver unhas necesidades que tiñan as persoas maiores de Mugaros e, polo tanto, consideramos que si se da por aprobado a compra destes terreos e do cine Zárata creo que escomeza unha páxina histórica para Mugaros en canto a servizos para as persoas maiores. Dito isto, se somete a votación.

Rematado o debate sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, visto o informe do secretario da Corporación e da interventora municipal, obrantes no expediente, e tendo en conta o informe pericial emitido polo arquitecto-asesor D. Alejandro García Virosta en data 30 de xullo do 2007, do que resulta que os devanditos terreos teñen un valor de 584.673,30 euros, así como o ditame da comisión informativa de facenda e patrimonio, por once votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 3 PP) e dous votos en contra (1 EU-IU, 1 IPMU), **ACORDA:**

**Primeiro.-** Adquirir a D. Ignacio Noya López e a D. Juan Noya López, as seguintes fincas:

1º.- “Urbana: Edificio s/n destinado a bar, cine y salón de espectáculos, construído sobre o extremo Oeste da finca, sita onde nomean “Albela”, hoxe Avda. de Galicia, que ocupa a superficie aproximada de catrocentos dezaoido metros e vinte e cinco decímetros cadrados, engadindo unha franxa sen edificar de tres metros de ancho que leva anexa por todo o lado Este: Linda Norte ou espalda, finca de D. Domingo Gelpi Fernández; Sur, súa fronte, estrada de Cabanas a Mugar dos, denominada nesta parte Avda, de Galicia; Este ou dereita , a porción seguinte ou finca descrita a continuación có número 2 e Oeste ou esquerda, terreo público e fonte dos Catro Canos.

Inscrición: Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, tomo 347, libro 43 do Concello de Mugar dos, Folio 182, finca número 5.005, inscrición 1ª

2º.- Urbana: Solar, sen número, no sitio denominado “Albela”, hoxe Avda. de Galicia, cun ancho de sete metros e un fondo medio de vinte e un e cincuenta decímetros, que fan cento corenta e sete metros cadrados: Linda Norte o fondo, finca de D. Domingo Gelpi Fernández; Sur súa fronte, estrada de Cabanas a Mugar dos, denominada nesta parte Avda. de Galicia; Oeste, esquerda entrando, a franxa de 3 metros sen edificar anexada a finca descrita anteriormente có número 1 e Este ou dereita, a finca descrita a continuación có número 3.

Inscrición: Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, tomo 347, libro 43 do Concello de Mugar dos, Folio 183, finca número 5.006, inscrición 1ª

3º.- Urbana: Solar sen número, denominado “Albela”, hoxe Avda. de Galicia, cun ancho uniforme de sete metros e un fondo medio de vinte e dous setenta e cinco decímetros que forman cento cincuenta e nove metros e vinte e cinco decímetros cadrados: Linda Norte ou espalda, finca de D. Domingo Gelpi Fernández; Sur súa fronte, estrada de Cabanas a Mugar dos, denominada neste anaco Avda. de Galicia; Este, dereita entrando, a finca descrita a continuación có número 4 e Oeste esquerda, a finca descrita anteriormente có número 2.

Inscrición: Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, tomo 347, libro 43 do Concello de Mugar dos, Folio 184, finca número 5.007, inscrición 1ª

4º.-Urbana: Solar sen número, o sitio denominado “Albela” hoxe Avda. de Galicia, cun ancho de sete metros e un fondo medio de vinte e catro metros que compoñen cento setenta e oito metros cadrados: Linda Norte ao fondo, horta de D. Domingo Gelpi Fernández; Sur, súa fronte, estrada de Cabanas a Mugar dos que en parte leva o nome de Avda. de Galicia; Este,

dereita entrando, finca de D. Domingo Gelpi Fernández, hoxe Concello de Mugardos e Oeste ou esquerda, a finca descrita anteriormente có número 3.

Inscrición: Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontedeume, tomo 347, libro 43 do Concello de Mugardos, Folio 184, finca número 5.007, inscrición 1ª

O prezo total da adquisición desta fincas, coñecidas como “Cine Zárate” para a construción dun Centro de Día, ascende á cantidade 580.000,00 euros.

**Segundo.-** Autorizar e aprobar o gasto pola contía total de 580.000,00 euros, con cargo á partida 2007.0.313.0.62200 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

**Terceiro.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que, en representación do Concello, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
O ALCALDE,